

PAISAXE E TERRITORIO: OS PIARES DA ENSINANZA PARA O PROFESOR JOSÉ VALVERDE ÁLVAREZ (1909-2000).

José Antonio ALDREY VÁZQUEZ

Facultade de Xeografía e Historia. Universidade de Santiago de Compostela

joseantonio.aldrey@usc.es

Daniel Del RÍO FRANQUEIRA

Facultade de Xeografía e Historia. Universidade de Santiago de Compostela

danieldel.rio.franqueira@usc.es

Resumo

O profesor José Valverde Álvarez (1909-2000) realizou unha intensa obra investigadora en múltiples campos do coñecemento. O valor e a extensión do seu traballo científico é un feito sumamente meritorio dada a súa condición de mestre comprometido cos seus alumnos. Por iso sorprende o extensa e fecunda que foi a súa labor investigadora, primeiro en Galicia, fundamentalmente en Maceira (Covelo, Pontevedra) o seu destino obrigado como mestre, forzado polo exilio interior ao ser represaliado polo franquismo tras acusárselle de simpatizador coas ideas de esquerda.

Así, desde o primeiro momento, alí onde estivese (xa fose por traballo, por desprazamentos estivais, por vivencia...) o primeiro que facía o profesor Valverde era achegarse ao territorio no que se atopaba e procuraba entendelo, estudalo e transmitilo, facendo unha aproximación integral a ese espazo. Así, analizaba e describía na súa xeneralidade todos aqueles aspectos humanos que teñen que ver coa xeografía: a paisaxe como pegada humana, os feitos históricos que explicaban o presente, a arqueoloxía e o patrimonio, a riqueza etnográfica, a lingua dos paisanos, a toponimia. E todo iso sen deixar nunca de lado a súa profesión e vocación, cunha continua preocupación polo ensino e a pedagogía.

Neste traballo faremos unha aproximación ao traballo de Don José Valverde Álvarez, erudito comprometido non suficientemente recoñecido nin difundido, cunha prolixa e valiosa obra no ámbito das humanidades que trataremos de abordar no que concirne aos seus traballos realizados en Galicia até o seu traslado a Sanlúcar de Barrameda en 1955, onde continuou co seu labor docente e investigador, pero xa centrado en terras andaluzas.

Palabras chave: José Valverde, paisaxe, territorio, ensinanza

Abstract

Professor José Valverde Álvarez (1909-2000) was a tireless researcher. His work is important because he did it as a teacher of primary education. He developed his work first in Galicia, mainly in Maceira (Covelo, Pontevedra). There he was bound by the regime of General Franco, reprisal for being sympathetic to the ideas of the left.

His work always began with an integral approach to the territory he studied. Thus, he analyzed and described all the human aspects that are related to geography: landscape as a human footprint, history, archeology and heritage, ethnographic wealth, language, toponymy. And all with a deep concern for teaching and pedagogy.

In this work we will make an approach to the work of Don José Valverde Álvarez, with a neat and valuable work in the field of the humanities. We will do it in relation to his work in Galicia until his transfer to Sanlúcar de Barrameda in 1955. There he continued with his work as a teacher and researcher, but already focused on Andalusia.

keywords: José Valverde, landscape, territory, teaching.

1. Introducción

Cabe preguntarse o porqué da elección de un Xeógrafo apenas coñecido, profesor de ensinanza primaria, para reivindicar a súa figura nun artigo como este. A resposta é clara, existen moitos investigadores cunha labor moi importante, que fóra dos círculos académicos universitarios, e en momentos nos que a inexistencia de canles de difusión masiva como as actuais, están oscurecidos polo descoñecemento da súa obra que de non reivindicala e difundila pode perdese para sempre. Personaxes, que, por outra banda contribuíron en grande medida ao desenvolvemento científico, docente e social da Xeografía (Zoido Naranjo, 2015, 5)

Neste caso o empeño da filla de Don José Valverde, Pilar Valverde, de dar a coñecer a obra do seu pai, fixo que se puxese en contacto con Florencio Zoido, xeógrafo da Universidade de Sevilla, e se iniciase un contacto coa Universidade de Santiago para poder facer unhas xornadas de difusión da vida e obra de Valverde. A partir dese momento prodúcese a donación dos seus arquivos e escritos inéditos á Universidade Pablo de Olavide (Sevilla), que levou a cabo unha catalogación dos mesmos (López Gutiérrez et Al., 2015, 96) e unha publicación que recolleu os traballos presentados nas mencionadas xornadas celebradas en Santiago de Compostela (Aldrey Vázquez, 2015).

O profesor José Valverde Álvarez (1909-2000) realizou unha intensa obra investigadora en múltiples campos do coñecemento. Como indicábamos, o valor e a extensión do seu traballo científico é un feito sumamente meritorio dada a súa condición de mestre comprometido cos seus alumnos, aos que dedicaba moitas horas máis aló das estritamente recoñecidas no curriculum académico para formalos non só nos coñecementos escolares senón tamén como persoas no amplo sentido da palabra. Por iso sorprende o extensa e fecunda que foi a súa labor investigadora, primeiro en Galicia, fundamentalmente en Maceira (Covelo, Pontevedra) o seu destino obrigado como mestre, forzado polo exilio interior ao ser represaliado polo franquismo tras acusárselle de simpatizante coas ideas de esquerda. Neste momento, 1940, acababa de licenciarse en Filosofía e Letras na Universidade de Santiago, pero fora imbuído antes en Madrid das ideas pedagóxicas máis avanzadas e progresistas tras matricularse en 1934 na Facultade de Pedagogía e entrar en contacto coa Institución Libre de Ensinanza (Valverde Arias, 2015, 15).

Así, desde o primeiro momento, alí onde estivese (xa fose por traballo, por desprazamentos estivais, por vivencia...) o primeiro que facía o profesor Valverde era achegarse ao territorio no que se atopaba e procuraba entendelo, estudalo e transmitilo, facendo unha aproximación integral a ese espazo, a ese territorio, sen cingirse en absoluto aos aspectos xeográficos (que eran do seu especial interese), senón que analizaba e describía na súa xeneralidade todos aqueles aspectos humanos que teñen que ver coa xeografía: a paisaxe como pegada humana, os feitos históricos que explicaban o presente, a arqueoloxía e o patrimonio, a riqueza etnográfica, a lingua dos paisanos, a toponimia. E todo iso sen deixar nunca de lado a súa profesión e vocación, o ensino, de maneira que atopamos sempre o verniz pedagóxico na súa maneira de explicar o territorio e en diferentes escritos seus nos que a preocupación polo ensino e a pedagogía sempre son patentes.

Por outro lado, é sumamente relevante o seu contacto con figuras da época, tanto no ámbito local, como no nacional e internacional (dominaba varios idiomas e mostrouse disposto á traducción en varias ocasión de autores alemáns). Entre eles poden ser mencionadas figuras relevantes como os xeógrafos Otero Pedrayo, Casas Torres, Floristán, Hinz; prehistoriadores como Florentino López Cuevillas; eruditos como Filgueira Valverde; etc.

Con todo, e a pesar da súa extensa obra manuscrita coa que puidemos traballar, conta con poucas obras publicadas, de moita calidade, pero que recollen tan só unha pequena parte do seu minucioso labor de moitos anos.

Neste traballo faremos unha aproximación ao traballo de Don José Valverde Álvarez, que foi un erudito comprometido non suficientemente recoñecido nin difundido, cunha prolixa e valiosa obra no ámbito das humanidades en sentido amplo que trataremos de abordar no que concirne aos seus traballos realizados en Galicia até o seu traslado a Sanlúcar de Barrameda en 1955, onde continuou co seu labor docente e investigador, pero xa centrado en terras andaluzas.

2. As investigacións de José Valverde en Galicia

José Valverde Álvarez non perdeu ocasión de analizar con profusión e tomar notas sobre todos os lugares que visitaba, aínda que dous grandes espazos centraron o seu labor investigador en territorio galaico. Por unha banda a *Terra de Camba*, en terras de Rodeiro (Pontevedra), espazo ao que se achegou fundamentalmente en época estival, durante as vacacións (era a terra natal da súa esposa), e sobre o que non deixou de estudar unha vez que se produce a súa marcha a Sanlúcar de Barrameda. E, por outro, ao *Val de Tielas* (figura 1), na cunca do río Tea, no municipio de Covelo (Pontevedra), o seu lugar de vida e traballo durante quince anos, onde estivo destinado de maneira forzosa tras ser declarado “simpatizante de esquerdas” pola Xunta Depuradora franquista.

José Valverde mostrouse como un estudioso incansable: nos seus paseos (“itinerarios” nas súas anotacións), cando podía acceder a arquivos, estatísticas, en conversacións cos seus veciños, etc., aproveitaba para recoller notas, curiosidades, aspectos etnográficos, describir a paisaxe, etc., que despois utilizaba para tentar sacar adiante unha Xeografía da Galicia Central (Val do Camba) e outra Xeografía do Val do Tielas, como pode observarse nos índices e borradores que se conservan deses ensaios (Aldrey Vázquez, 2015, 50). Trátase de xeografías entendidas á maneira das monografías rexionais francesas (Ortega Valcárcel, 2000), cunha marcada influencia da escola vidaliana (Gómez Mendoza et Al., 1994), nas que aparece unha exhaustiva descrición do espazo que estudaba.

Era unha persoa moi sistemática á hora de desenvolver os seus traballos, pensaba o que quería estudar e que necesitaba para facelo.



Figura 1 – Val de Tielas (Covelo, Pontevedra, Galicia). Cartografía de José Valverde

Podemos comprobar na seguinte pequena nota de traballo (figura 2) como Valverde reflexionaba sobre aqueles materiais que necesitaría para a súa investigación e sobre como abordar o estudo da Terra do Camba:




Figura 2 – Nota manuscrita de José Valverde preparando os seus estudos sobre o Val do Camba

Valverde percorría, “pisaba”, o territorio que quería estudar antes de escribir sobre el, preguntaba, charlaba cos paisanos, párrocos, mestres das escolas veciñas e persoas que puidesen informarlle sobre ese espazo que el quería aprehender, catalogar, describir e analizar. Calquera fonte de información que servise aos seus principios era utilizada por el e catalogada a modo de notas que lle servían para posteriormente elaborar os seus escritos. Puidemos consultar notas deste tipo por decenas, nas que o profesor Valverde rexistraba calquera aspecto que considerara relevante para as súas respectivas xeografía da Terra de Camba e do Val de Tielas. Estas notas, sen dúbida, foron utilizadas tamén por el para as súas clases na escola, onde abordaba todos estes aspectos buscando esa formación integral dos nenos e nenas que o entendía que era o ensino (Valverde Arias, 2015, 20) .

Realizaba, ademais, esbozos ou borradores que archivaba e utilizaba despois como notas para a redacción dos diferentes capítulos das obras xeográficas que sobre ambos vales quería realizar, como este exemplo:

“Valle medio.

En Piñeiro (Areas), agrios y viña. A partir de Areas robleda, que se adensa en la Carballeira dos Garridos, a que alude el cantar, en la divisoria de las dos vertientes: Tea y Oitabén. // El primer lugar que se encuentra es Bustelo, de la parroquia de Estacas. // El Oitabén separa las Estacas de Berducido, en este punto punto, puente romano asimétrico (recuérdese el de Puenteareas-Remedios).-”

Como apuntamos con anterioridade, Valverde quería facer un estudo integral de *Xeografía do Val de Tielas* e unha *Xeografía da Terra de Camba*. No caso do seu espazo de vida durante quince anos contamos, entre a documentación que nos chegou do profesor, cunha primeira versión que el elaborara xa en bosquexo (figura 3). Pero antes de chegar a este borrador, ou borradores (porque existen varios sucesivos entre a súa documentación), el foi percorrendo o territorio obxecto do seu traballo de maneira sistemática mediante toda unha serie de "itinerarios" (así denominados por el).




Figura 3. Inicio do manuscrito-borrador da *Xeografía do Val de Tielas* que elaborou José Valverde durante a súa estancia en Maceira (Covelo, Pontevedra).

Durante a realización dos itinerarios recollía información nunha serie de fichas de cada unha das excursións, reflectindo nelas as súas reflexións, datos primarios e descricións da paisaxe, do poboamento, das actividades económicas, de elementos etnográficos, en definitiva, dos modos de vida das xentes deste espazo galego de transición entre o interior e a costa, o val fluvial e a media montaña.

Nesas propias fichas que elaboraba froito dos itinerarios, Valverde facía un posterior traballo de catalogación, marcando sobre elas en vermello aqueles aspectos que lle permitían indexar o seu traballo para logo inserilo no lugar correspondente do seu esquema previo do traballo (figura 4): diferenciaba




Figura 4. Ficha do “Itinerario Maceira-La Cañiza-Montouto-Castro de Covelos” datada o 15 de outubro de 1954.

José Valverde presenta, así mesmo, unha notable destreza como debuxante, propia da súa condición de mestre que tiña que iniciar aos nenos e nenas nesa disciplina. A profusa documentación que Valverde recollía nas súas saídas de campo acompañábaa de ilustracións daqueles elementos que eran destacables na paisaxe, tanto desde o punto de vista natural como patrimonial. Os debuxos sobre aspectos xeomorfolóxicos son os máis abundantes, pero entre eles destacan tamén armas heráldicas das diferentes casas grandes e pazos que visitou, xacementos e vestixios arqueolóxicos, ermidas, pontes, etc. (figura 6).




Figura 5. Elaboración de gráficos e bosquejos para estudos posteriores.

Son ilustracións realizadas con grande mestría, que acompañan ás súas notas e que axudan a comprender como entendía o profesor Valverde a paisaxe, cunha concepción da mesma tremendamente actual. Concibía a paisaxe como un todo, como un elemento holístico onde as pegadas natural e a antrópica danse a man para conformar ese espazo visible, perceptible, que se presenta ante os nosos ollos cargado de significados, de vivencias, empapado das características climáticas e xeomorfolóxicas do territorio, característica que o acompañará na súa interpretación do territorio tanto na súa traxectoria inicial en Galicia (Aldrey Vázquez, 2015, 43) como posterior en Andalucía (Ojeda e Andreu, 2015, 57).

O profesor Valverde desenvolve o traballo de campo, a excursión xeográfica, cunha concepción que calou nel durante os seus estudos de Filosofía e Letras en Madrid. Alí descubriu a excursión e o traballo de campo como unha vía fundamental para a obtención de datos primarios. Don José tiña moi presente que o coñecemento xeográfico ten que nutrirse de datos directos obtidos mediante o recoñecemento do territorio. No marco da xeografía rexional, a comezos do século XX, foron Vidal de la Blache, Fleure ou Sauer algúns dos principais propoñentes e sistematizadores desta función recompiladora (Gómez Zotano e Riesgo Chueca, 2013, 341), que Valverde coñecía ben. Nesta idea anticipase o concepto de espazo vivido ou marco vital, que don José asumiu como propio á hora de facer

provisión de información de todos aqueles aspectos que para el explicaban a idiosincrasia propia tanto da *Terra de Camba* como do *Val de Tielas*, así como tamén a concepción da xeografía cultural expresada por Sauer na que cría Valverde (Sauer, 1925).



Figura 6. Debuxos de José Valverde que acompañaban as súas notas nos "itinerarios" que seguía durante as súas xornadas de campo.

Pero ademais, para el, a excursión tamén tiña un compoñente educativo fundamental, era un instrumento de dobre vía, que utilizaba para as súas investigacións, pero tamén para preparar as súas clases, nas que ía utilizar os coñecementos adquiridos para achegar conceptos xeográficos aos seus alumnos a partir da vida cotiá que estes coñecían. Apréciase de novo neste aspecto a formación recibida por Valverde, pois estamos diante dunha concepción da excursión como ferramenta didáctica que parte da pedagogía de Pestalozzi, á que se achegou na súa época de estudante en Madrid, que propón a intuición e a indución como vías principais para inculcar coñecementos (Martí-Hennenber, 1992, 36). Esta concepción da educación incentiva o interese polas saídas ao terreo, polas súas virtudes para o exercicio da atención e por ser unha maneira de fortalecer anímica e corporalmente ao alumno, aspectos fundamentais para o noso profesor. Valverde recoñecía o terreo tanto para os seus estudos como para as súas clases, establecía os mellores lugares para poder inculcar aos seus alumnos os coñecementos xeográficos, pero tamén buscaba coas excursións converter aos seus alumnos e alumnas en persoas

con valores morais, sociais e éticos a través da observación directa do mundo cotián que rodeaba aos seus estudantes.

Esa maneira de entender a paisaxe de maneira integral, pero cunha fonda pegada humana, podemos apreciála nas seguintes transcripcións dalgunhas das súas notas:

“--- Un “sesteiro”-

En la estación estival, el vacuno de la alta cuenca y el valle medio es conducido al Suído, donde pasa la temporada. Durante las horas de más calor, el ganado abandona los jugosos pastos de las hondonadas, huyendo del ataque de los insectos, y busca el fresco del sesteiro (de sestear). Todos los cerros del Suído están ocupados por sesteiros, obra conjunta de la naturaleza y el hombre. Cada lugar cuida y utiliza el suyo. Los pacíficos animales escalan, pese a su peso y aparente torpeza, las rocas más elevadas para gozar de la brisa---

---La aspereza del relieve defiende el bosque de la codicia humana. En algunos puntos, este resulta impenetrable, pues las madre selvas obran a modo de lianas. Los terrenos de cultivo se abren entre el arbolado y el monte bajo. Es claramente perceptible la labor colonizadora...---

O profesor Valverde nas súas investigacións fai, en definitiva, un compendio de xeografía física e humana:

“--- Orientado en el eje del valle en dirección NE-SO, está ampliamente expuesto a las influencias oceánicas. Las masas nubosas que entran siguiendo la dirección del Tea van elevándose gradualmente y condensándose, de manera que producen gran cantidad de precipitaciones, que los torrentes montañosos, espumeantes en época de lluvias, conducen al Tea.

Los vientos que aportan las masas nubosas son del SO. Los del NE alcanzan gran intensidad en Maceira, situada en la garganta entre el Suído y la Fontefría. Coveliño, Pardellas y otros lugares de Prado quedan protegidos por el murallón del Faro y del Cartelán. Las primaveras suelen ser lluviosas...---

---...El estudio de algunas de las especies vegetales nos servirá para caracterizar las condiciones climáticas y la altitud. El monte bajo está constituido por el tojo, que es la planta dominante, del que se conocen dos variedades: el “molar” y el “arnal”, aquél de espinas suaves, grato al ganado, que crece en las “chans” húmedas. En lucha con el tojo, disputándose el suelo, las gramíneas, que en ciertos puntos forman prados naturales, como en el Suído, donde el delicado trébol entra también en algunas formaciones pratenses...---

--- Cuando contemplamos un pueblo desde lejos, de suerte que podamos apreciar todo el conjunto, vemos que las fincas quedan siempre a un nivel inferior al de las casas. El aspecto de las mismas recién labradas es claramente geométrico. La división, favorecida por el quebrado del relieve, como en la mayoría de las comarcas de la región, ha sido llevada al último límite, siendo la mayor parte de las fincas muy reducidas. Todas aparecen rodeadas de muros de granito, exentos o de contención de terrazas...---

----...los prados están situados en las partes más húmedas y sombrías. Se riegan mediante un cauce que corre por la cabecera, del cual parten a corta distancia, canalillos secundarios, por los que corre el agua hasta llegar al reborde...---

--- La industria carece de importancia, limitándose a solucionar los problemas de construcción y alimentación que la vida local plantea. En la esfera comercial, percíbese claramente la incontestable fuerza de atracción de la urbe viguesa, hacia donde sale la madera, huevos y aves, y donde se remite el comercio local. La presencia de la ciudad de Vigo se hace notar además en otros aspectos de la vida económica, como la emigración de empleados y el establecimiento de negocios. Falta todavía por fomentar la atracción del turismo y conversión de los parajes de montaña en lugar de esparcimiento y veraneo para los habitantes de la ciudad.---

Don José non se limitaba só a abordar os aspectos estritamente xeográficos, como xa apuntamos, senón que ademais presta atención a todas aquelas cuestións e feitos que podían explicar as paisaxes do presente. Así, entre as súas notas atopamos consultas a libros parroquiais no concenrente a segregacións de freguesías; apuntamentos históricos que considera relevantes para explicar a propiedade do espazo que está a estudar; transcricións de actas notariais sobre xurisdicións, que el mesmo copiaba de puño e letra dos documentos orixinais; notas sobre o poboamento e os servizos existentes nos diferentes núcleos que pertencían á súa área de estudo; observacións sobre os materiais de construción das casas, aspecto este moi relacionado coa paisaxe e a adaptación do hábitat humano ao mesmo; anotacións sobre as variedades de castes de uva cultivada, ou sobre a diversidade dos sistemas de medida e as súas correspondencias entre unhas parroquias e outras.

Se o territorio, a xeografía, a paisaxe, foi para o profesor Valverde o seu principal punto de atención na súa labor investigadora, non podemos deixar de lado que tamén tiña unha especial querenza polos aspectos arqueolóxico. Niso notábase a súa formación como historiador na etapa final dos seus estudos na Universidade de Santiago, aínda que hai que matizar que lle interesaban en canto á súa relación co emprazamento xeográfico que ocupan eses vestixios da antigüidade, como moi ben o explicaba na introdución á “*Carta Arqueolóxica do Val do Tea*” que elabora como unha peza separada da súa obra estritamente xeográfica do *Val de Tielas*. Trátase de 17 páxinas mecanografiadas onde Valverde deixa patente que o que o quere facer é unha obra de “*xeoarqueoloxía*”.

Nela, ademais da necesaria descrición xeográfica e paisaxística do territorio estudado, recolle todos os elementos arqueolóxicos que consegue documentar nos seus múltiples e incansables itinerarios por estas parroquias: insculturas ou petróglifos, castros (figura 7), restos romanos, pontes medievais, restos megalíticos, etc. Ao mesmo tempo, faise eco das lendas existentes sobre os “mouros”, seres míticos que a cultura popular identifica cos habitantes dos antigos castros.




Figura 7. Nota do profesor Valverde onde se recolle a localización, descrición e croque dun castro situado en Covelo (Pontevedra).

O outro espazo obxecto de atención do profesor Valverde foi, como xa indicamos, a *Terra de Camba* que ocupa fundamentalmente o espazo do municipio de Rodeiro (Pontevedra). Trátase dun territorio atravesado pola Dorsal Meridiana galega, conxunto continuo de serras de altitude moderada que serven de límite natural ás provincias de Pontevedra, Lugo e Ourense (Aldrey Vázquez e Lois González, 2010). Este carácter de media montaña dálle o contrapunto fronte ao *Val de Tielas*, espazo cunhas condicións climáticas e edáficas máis benignas, e permítelle achegarse a uns compoñentes paisaxísticos e territoriais en parte diferentes, aínda que socialmente moi semellantes, que son os que presentaba o espazo rural interior de Galicia.




Figura 8. Croque dunha casa tipo, o arado e a roda de carro da Tierra de Camba.

Para desenvolver o traballo sobre esta área xeográfica, as súas notas e borradores son de índole moi semellante aos que acabamos de referirnos para o *Val de Tielas*. Abarca os mesmos aspectos xeográficos, etnográficos, arqueolóxicos, patrimoniais, lingüísticos... Pero neste caso concreto, Valverde quería facer unha máis ambiciosa *Xeografía da Galicia Central*, e entre os seus papeis atopamos un índice e borradores avanzados do que podería ser esta obra. Ademais, traballou tamén nunha *Xeografía do municipio de Rodeiro* dentro da mesma concepción e como complemento á máis extensa obra citada. O índice/esquema volve estar totalmente imbuído da escola rexionalista vidaliana, da que non se aparta Valverde en ningún dos seus estudos xeográficos, pois non debemos esquecer que foi ese a paradigma dominante na xeografía española durante boa parte do século XX (Gómez Mendoza et Al., 1994).

O método de traballo é idéntico ao apuntado xa, cunha minuciosa descrición do espazo que estudaba e ocupándose de múltiples aspectos: topografía, vexetación, hidroloxía, relevo, agricultura, etc. A principal novidade, neste caso, é que presenta unha maior minuciosidade e interese pola recollida de documentación sobre os aspectos etnográficos (figura 8), que describe e debuxa con moito detalle. Ese material empregouno despois para un artigo que publicou en 1968 co suxestivo título de “Notas típicas del paisaje cultural de Tierra de Camba” (Valverde Álvarez, 1968), que demostra a concepción da paisaxe en Valverde, moi próxima á actual.

3. Conclusión

Sorprende atoparse cunha figura como a de José Valverde Álvarez e descubrir que non foi o suficientemente coñecida nin reivindicada. Estamos diante dun mestre en toda a extensión do seu significado. Un home que vivía por e para o ensino, cunha vocación que lle facía implicarse na educación de cada un dos seus discentes ata límites insospeitados, buscando que tivesen unha formación que os convertese en persoas para unha vida futura con máis oportunidades.

Pero, ademais desa condición, de por si suficiente para recoñecelo e reivindicalo, aparece unha faceta de investigador incansable, de xeógrafo integral, preocupado pola relación da sociedade co seu medio, da paisaxe cultural que xera esa sociedade. Unha persoa cun labor investigador inxente e que quedou semi-esquecida nos seus centos de papeis que afortunadamente puideron recuperarse grazas ao empeño da súa filla Pilar. A súa obra está agora catalogada e posta a disposición de calquera investigador que no futuro queira indagar en profundidade sobre os traballos xeográficos e pedagóxicos de Valverde.

Os estudos que de Valverde conservamos para Galicia, para o *Val de Tielas* e a *Terra de Camba*, coa súa exhaustiva recollida de datos, coa súa capacidade de análise do territorio, o seu compromiso co seu traballo e o avanzado da súa concepción da paisaxe, móstrannos que é un xeógrafo de primeira orde, pero que afastado das canles oficiais de difusión dos resultados das súas investigacións, permaneceu oculto. É esta unha circunstancia curiosa, pois non eran poucos os xeógrafos e eruditos destacados da época cos que mantivo contacto epistolar continuo e duradeiro e que eran coñecedores de aspectos parciais da súa obra. Esperemos que esta pequena aportación poida servir para comezar a darlle a presenza e importancia que un erudito da súa condición merece.

4. Bibliografía

- ALDREY VÁZQUEZ, J. A. (2015). Los studio geográficos y humanistas del professor Valverde en Galicia. In J. A. Aldrey (Ed.), *José Valverde, geógrafo gallego. Un exilio fecundo* (pp. 35-55). Santiago de Compostela: USC.
- ALDREY VÁZQUEZ, J. A. e LOIS GONZÁLEZ, R. C. (2010). *Breve Xeografía de Galicia*. Vigo: A Nosa Terra.

- LÓPEZ GUTIÉRREZ, A. J.; LÓPEZ VALLEJO, M^a T.; e, SÁNCHEZ LÓPEZ, M. J. (2015). El rescate de la memoria: el archivo familiar del profesor José Valverde Álvarez. In J. A. Aldrey (Ed.), *José Valverde, geógrafo gallego. Un exilio fecundo* (pp. 93-132). Santiago de Compostela: USC.
- GÓMEZ MENDOZA, J.; MUÑOZ JIMÉNEZ, J. e ORTEGA CANTERO, N. (1994). *El pensamiento geográfico*. Madrid: Alianza Universidad Textos.
- GÓMEZ ZOTANO, J. e RIESCO CHUECA, P. (2013). La interpretación de los paisajes en Geografía. De la excursión tradicional al establecimiento de itinerarios y fichas para la aplicación del Convenio Europeo del Paisaje. In, P. Paneque Salgado e J. F. Ojeda Rivera, *El viaje en la Geografía Moderna* (pp. 337-357). Sevilla: Universidad Internacional de Andalucía.
- MARTÍ-HENNENBERG, J (1992). Pestalozzi y la enseñanza de la Geografía en el cantón de Vaud (Suiza) durante el siglo XIX. *Revista de Geografía*, 26, 35-43.
- OJEDA RIVERA, J. F. e ANDRÉU, C. (2015). La Mirada comprensiva y didáctica del profesor Valverde a paisajes y modos de vida de Sanlúcar de Barrameda. In J. A. Aldrey (Ed.), *José Valverde, geógrafo gallego. Un exilio fecundo* (pp. 57-92). Santiago de Compostela: USC.
- ORTEGA VALCÁRCEL, J. (2000). *Los horizontes de la Geografía*. Madrid: Ariel Geografía.
- SAUER, C. O. (1925). The morphology of Landscape. *University of California Publications in Geography*, 2, 19-35.
- VALVERDE ARIAS, P. (2015). El exilio fecundo. In J. A. Aldrey (Ed.), *José Valverde, geógrafo gallego. Un exilio fecundo* (pp. 11-24). Santiago de Compostela: USC.
- VALVERDE ÁLVAREZ, J. (1968). Notas típicas del paisaje cultural de la Tierra de Camba. *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, Tomo XXIV, cuadernos 3º e 4º.
- ZOIDO NARANJO, F. (2015): Pesentación. In J. A. Aldrey (Ed.), *José Valverde, geógrafo gallego. Un exilio fecundo* (pp. 5-9). Santiago de Compostela: USC.